

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXVII EDICIÓN DOS PREMIOS DE TEATRO MARÍA CASARES 2023

Santiago de Compostela

### COMPARECEN

Por unha banda, Román Rodríguez González, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, José Luis López Roca, na súa calidade de presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (en adiante Asociación), con NIF G15089410, con poderes suficientes para actuar no nome da entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e na certificación da acta da asemblea extraordinaria celebrada o 14 de marzo de 2021.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións está a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

**Segundo.** A Asociación de Actores e Actrices de Galicia é, segundo os seus estatutos, unha entidade sen ánimo de lucro que actúa como organismo autoxestor e autónomo que agrupa os actores,



actrices, directores e directoras de Galicia e que ten como finalidades, entre outras, o fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ao conxunto da sociedade galega mediante iniciativas de sensibilización e difusión, de formación de públicos, de apoio ao teatro e ao cine e de investigación sobre a situación do sector.

As liñas de traballo da Asociación, orientadas sempre á promoción das artes escénicas e audiovisuais de Galicia, abranguen un gran número de actividades entre as que destacan a edición e difusión do catálogo de actrices e actores, a organización de cursos e seminarios con docentes de recoñecido prestixio nos diferentes ámbitos da profesión, a organización de xornadas dedicadas ao teatro e ao audiovisual, a realización de lecturas dramatizadas ou a presenza en feiras e mercados destes sectores, ao que se suma a organización dos premios de teatro María Casares que cada ano serven de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral.

Con gran número de socios, testemuño da súa elevada representatividade no sector, as súas liñas de traballo están orientadas sempre á defensa dos intereses dos profesionais da interpretación e a dirección de escena en Galicia, converténdose nos últimos anos en interlocutores de referencia das institucións públicas e do sector escénico e en axente dinamizador e modernizador das políticas culturais con maior presenza pública en Galicia.

**Terceiro.** Entre as actividades que, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a Asociación figura a de premiar os profesionais máis destacados no exercicio das súas actividades artísticas mediante a convocatoria anual dos Premios de Teatro María Casares, un evento de ampla traxectoria, que celebra este ano o seu 27 aniversario, no que se recoñece anualmente o traballo e o esforzo dos profesionais deste sector cultural, e que se erixe nun espazo privilexiado de encontro anual das xentes vinculadas ao mundo do teatro en Galicia, nun foro social de recoñecemento do labor emprendido polos profesionais galegos do teatro e nun ámbito de proxección pública do seu traballo tanto en Galicia coma fóra da Comunidade.

A Agadic considera que os premios, máis aló da autocompracencia, son un inmejorable instrumento para facer visible a todo un sector, para darlle visibilidade á escena galega, a todo un colectivo de profesionais comprometidos coa cultura galega e que axuda a situar a este sector estratéxico, de enorme potencial, no lugar onde lle corresponde por calidade. O posicionamento acadado pola marca Premios María Casares xa dende o seu nacemento é necesario que siga dando os seus froitos en futuras edicións.

**Cuarto.** A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento dos Premios María Casares co propósito de promover a proxección, tanto interior coma exterior, dos nosos profesionais. O esforzo no fomento dun sector como o teatral que leva a cabo a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, e que ten o seu punto culminante e de maior proxección pública na organización dos premios María Casares, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da



industria teatral que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas.

Esta actividade de fomento está incluída na planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, o que, en engadido, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización do presente convenio de colaboración.

**Quinto.** A especificidade da actuación, o carácter representativo maioritario desta entidade e a súa inclusión nas directrices estratéxicas da Agadic así como a exclusividade como organizadora dos premios María Casares evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrència pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública, como é o caso.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da XXVII edición dos Premios de Teatro María Casares 2023 que desenvolve a Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

### **SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA**

O programa contempla a concesión dos premios para dezaseis categorías: maquillaxe, vestuario, iluminación, espazo sonoro, adaptación/tradución, texto orixinal, espazo escénico, actor secundario, actriz secundaria, actor protagonista, actriz protagonista, dirección, espectáculo, espectáculo infantil, ás que se suman nesta edición dúas novas categorías, que responden, unha delas, mellor dirección de movemento, á necesidade de recoñecer un traballo cada vez máis presente nos espectáculos; e a



segunda, mellor espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas, á necesidade de outorgarlle o espazo que merece a unha disciplina de longa tradición en Galicia.

Optan a estes premios producións de teatro de actor en galego estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, así como todos os profesionais que participen nas montaxes nese período. Contempla, ademais, estreas do último trimestre do curso anterior. Outórgase, así mesmo, o Premio de Honra Marisa Soto como recoñecemento a unha traxectoria ou labor, persoal ou colectivo, a prol da promoción do teatro galego.

A gala de entrega celebrarase o 30 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña, recuperándose así as datas tradicionais para a entrega dos galardóns, que sempre xiraron arredor da data de celebración do Día Mundial do Teatro.

### **TERCEIRA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO**

A Agadic realizará unha achega por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O custo total das actividades obxecto de subvención é de 83.700 euros, impostos incluídos (74.690 sen IVE). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

### **CUARTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA**

Poderase realizar un pagamento anticipado por importe de ata o 50 % da cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á actividade subvencionada. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

A entidade tamén poderá solicitar pagos á conta, segundo o artigo 62 do Regulamento de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80 %.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se preveña a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados. O artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos anticipados non superen os 18.000 €.

Segundo o artigo 67.2 do Regulamento, a garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade recíproca



que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación. A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas a conta ou das cantidades anticipadas.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

#### **QUINTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS**

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes



de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

### SÉTIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2023 e a data límite de xustificación (4 de setembro de 2023).

<b>GASTOS SUBVENCIONABLES</b>	<b>IMPORTE sen iva</b>	<b>IMPORTE con iva</b>
<b>Persoal artístico</b>	<b>24.487</b>	<b>26.476</b>
- Dirección-guión.	6.000	6.400
- Deseño escenografía, iluminación, vestuario e espazo sonoro.	9.600	11.033
- Elenco, voces en off da gala de entrega e outro persoal artístico	8.887	9.034
<b>Persoal técnico e persoal de produción</b>	<b>9.576</b>	<b>10.798</b>
Gastos de persoal técnico e de produción, rexiduría, persoal de carga e descarga, maquillaxe e perruquería, persoal de acomodación e xestión de convidados e outro persoal técnico.		
<b>Produción</b>	<b>13.203</b>	<b>15.516</b>
- Realización vestuario e atrezzo	1.405	1.600
- Medios técnicos da gala, evento finalistas e posgala	5.000	6.050
- Gastos de aloxamento, mantenza e desprazamentos do equipo artístico, técnico e de xestión.	3.273	3.600
- Alugueiros sala ensaios e de recepcións	2.377	2.876
- Dereitos de autor	331	400
- Gastos de asesoría, notaría, plan continxencia e PRL	818	990
<b>Promoción, publicidade e RR.PP.</b>	<b>20.504</b>	<b>23.998</b>
- Trofeos finalistas e gala.	2.500	3.025
- Deseño imaxe, ilustración, edición de soportes gráficos e audiovisuais, impresión de materiais de difusión.	4.524	5.474
- Realización multicámara streaming e cobertura gráfica.	4.198	5.080
- Gastos de recepción do evento finalistas e da posgala.	7.382	8.120
- Comunicación e contidos	1.900	2.299



Gastos de persoal e xerais	6.920	6.920
- Gastos de persoal da entidade para os labores de xestión, administración, coordinación dos procesos de inscricións, participantes, votacións. Impútase á actividade as seguintes porcentaxes dos custes laborais de un traballador da entidade: xaneiro 40 % , febreiro 70 % , marzo 90 % , abril 40 %.	6.570	6.570
- Gastos do seguro de responsabilidade civil, nunha porcentaxe do 50 % do custo anual.	350	350
<b>TOTAL</b>	<b>74.690</b>	<b>83.700</b>

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **4 de setembro de 2023**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas terán como data límite o 15 de novembro do ano 2023.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de rateo na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constituía, para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

6. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento.

## OITAVA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

**a) Ata o 50 % do importe subvencionado** poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio, previa a presentación pola entidade beneficiaria da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A declaración responsable de non incorrer nalguna das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Solicitud de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.



**b) A cantidade restante**, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento, segundo o artigo 42 do Regulamento da Lei de Subvencións.
- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, esta debe estar asociada á conta da entidade e deberá acompañarse a acreditación da súa titularidade. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.
- Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento e quen o recibe, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxes, aparcamento...) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,19 euros.
- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).
- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso correspondente.
- Unha memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade subvencionada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

3. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada.



4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar os documentos correspondentes.

6. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

7. Certificación acreditativa da situación da entidade con respecto á declaración de IVE.

8. Con respecto aos gastos do persoal da entidade vinculado ás actividades do proxecto, declaración da porcentaxe do tempo efectivamente dedicado ás actividades conveniadas, segundo o admitido na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **4 de setembro de 2023**.



#### **NOVENA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS**

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

#### **DÉCIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO**

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO**

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
  - A persoa titular da presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
  - A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.



3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1. Os datos persoais recollidos neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN**

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:

a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.



b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- no caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.

- no caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, do logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO CUARTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.



#### **DÉCIMO QUINTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei, aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **DÉCIMO SEXTA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **DÉCIMO SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2023.

#### **DÉCIMO OITAVA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AGADIC**

**Román Rodríguez González**

Presidente do Consello Reitor da Agadic

**POLA ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES  
DE GALICIA**

**José Luis López Roca**

Presidente

